

Amigas e amigos representantes das institucións políticas sociais, académicas e culturais.

Convocámonos un ano máis no Panteón de Galegos Ilustres para celebrar a Nosa Poeta nacional e reivindicarmos a aconfesionalidade deste panteón que acolle o seu corpo, para que sexa laico, de propiedade, uso e xestión pública.

Permítanme que comparta con vostedes as palabras do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas deste 2020, Ricardo Carvalho Calero, sobre a nosa poeta, a quen dedicou gran parte do seu rigoroso traballo crítico: *«A realidade rosaliana é particularmente complexa -mesmo, a nivel superficial, contraditória, aínda que, a nivel profundo, se concilien as contradicións na raíz unitaria da singularidade persoal de Rosalia. [...] Enfim, Rosalia é umha rosa de cem folhas.»*

Don Ricardo Carvalho Calero foi o elo que abriu diante de nós a grandísima poeta, iniciando a recuperación da Rosalía que hoxe coñecemos, axudándonos a rescatala da imaxe dela tantas veces deturpada.

Dinos Don Ricardo: *«O prólogo de Cantares Gallegos declara paladinamente para que se escribe: escribe-se como umha homenagem a umha língua aldrajada, escribe-se como umha homenagem a umha pátria empobrecida e desdenhada. No libro de Follas Novas intitulado “As viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos”, afronta directamente o problema da emigração, o grande problema social da época. Rosalia escribe a maior parte da sua poesia lírica para defender a sua terra e para promover umha modificação do mundo galego. Rosalia tem todas as angústias, tem todas as preocupações ante o problema da morte, ante o problema de Deus, ante o problema do amor que tem o home, que forma parte como um elemento indispensável e essencial da colectividade galega.»*

Hoxe, a emigración segue a ser o grande problema do noso tempo. Cando ollamos que somos expulsos da propia identidade, da propia terra ou da propia cultura, temos a palabra complexa, porque profunda, de Rosalía. A palabra que desafiou as leis masculinas, como ben di o manifesto elaborado polo poeta Daniel Asorey, elixido pola AELG para esta celebración anual.

A mao de Rosalía lévanos aos duros territorios da emigración que ela denunciou, lévanos a esa dor, a ese desgarró. Quen fica, faino cun enorme baleiro. Quen parte, leva as súas raíces arrastrándose como unha carballiza arrincada da fraga que ergue as súas gallas vizosas nos eidos natais. Mais é silenciosa, ten outras formas ocultas, non aparecemos nos telexornais do mundo en dolorosísimas imaxes, mais a nosa terra fica ao tempo a se desangrar nunha silente extenuación de séculos, da que só fican unhas poucas imaxes fotográficas hoxe. Nos aeroportos, entre turistas, continuamos a ser expulsados da terra dos propios afectos, aqueles que nos fundan no ser, co que a nosa terra segue a ficar tan orfa como outras terras do mundo.

Mais tal no verso que anuncia este Día de Rosalía: como eles somos errantes ancorados na propia esperanza. Quizais é o mandato que emerxe de toda a obra de Rosalía: que nunca nos derroten a esperanza.

Esperanza que emerxe poderosa ao ver como veciñas e veciñas de noso son capaces de parar as agresións á terra viva en minas que lle querén arrincar a súa

mineral e dourada entraña, veciñas e veciños que evitan así o envelenamento das augas que inza de rielos a nosa fértil terra, que significa converter unha terra cos seus ciclos vitais cheos de alento humano nun ermo estéril dunha terra morta.

Ollei a feliz noticia e lembrei o poema de Rosalía “Jamás lo olvidaré”, do libro *En las orillas del Sar*, no que ergue a súa protesta contra a tala masiva que arrasou e destruíu o bosque que rodeaba o exclaustro mosteiro de Conxo. Como ben documenta o Profesor Francisco Rodríguez no seu libro *Rosalía de Castro, extranxeira na súa patria*, editado no ano 2011, Rosalía participa en todo o proceso do debate sobre a conversión do mosteiro en manicomio, para alienados, en expresión da época. O que ía ser un proxecto público ficou na apropiación do mesmo pola Igrexa.

Si, foi unha muller, unha poeta, a que se ergueu diante da conduta ignominiosa do cardeal Payá, recién chegado arcebispo a Compostela desde Valencia. Diante de tamaña agresión á natureza, como ao corpo dun ser vivo, escribeu Rosalía con indignada emoción. Como en toda a súa obra, no seu poema pídenos que a xeadá indiferenza non apague a protesta dos nosos labios, pois certamente o silencio é irmao da morte. Isto nos di a Rosalía que non quere que a Galiza morra, e que lle poida dicir ao mundo que existe fermosa e feliz.

Ela, ao tempo que nos leva a lugares inéditos do noso propio ser, soubo ler na liña da vida das nosas maos a secreta luz da alma das galegas e galegos, na busca da beleza da verdade.

Témonos que abrazar á súa obra como á árbore da vida, como á árbore da sabedoría, para que as novas machadas de todo tempo non abatan a inmensa fraga da nosa cultura, do noso idioma. Temos que nos abrazar á palabra de Rosalía que a todas e todos nos acolle coa súa sombra protectora.

*Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Bonaval, 23 de febreiro de 2020*